



ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DELEGADA DA FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO QUE TIVO LUGAR DE FORMA TELEMÁTICA, O DÍA 2 DE DECEMBRO DO 2024.

Acta n.º 41

ASISTENTES:

PRESIDENTE DA FGM

López Sánchez, Alejandro (actúa como secretario incidental a partir del minuto 10 a la vista de una urgencia de la Sra. Secretaria que tiene que abandonar la sesión).

SECRETARIA XERAL DA FGM

García Castiñeira, María Antonia

DEPORTISTAS

Carril Comesaña, Roberto
Vázquez Fariña, Gustavo

TÉCNICO

Aradas Mariñas, Javier

CLUBS

Asociación de Escaladores Ourenzáns
Club Pena Trevinca Montañeiros de Galicia
Club Montaña Airiños
Club Montaña Vértice

PRESIDENTE/REPRESENTANTE

Böck Villalva, Alfonso
Fernández, Ana María
Castro Soto, Isidro
Álvarez Jorge, Moisés

1. Saúdo e benvinda do presidente.

O presidente da FGM Alejandro López Sánchez, ás 19.05 h comeza a reunión, agradecendo a asistencia a todas as persoas participantes.

2. Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior da Comisión Delegada da FGM.

Se procede a votación sen que existan propostas de modificación da acta nº 39, quedando aprobada por MAIORIA (4 votos a favor 2 abstencions). (non participan na votación Gustavo Vázquez e ASESOU, que se incorporan 5 minutos máis tarde).

3. Aprobación da modificación do calendario FGM para introducir o calendario de CXM

O presidente propón os membros da Comisión Delegada comentar o que consideren oportuno sobre o calendario. Roberto Carril, Moises Alvarez, Ana Fernández e Alfonso Bock, principalmente, destacan que existen duas probas de dureza moi cercanas no tempo (CAMOVI, campeonato Galego individual, MONDARIZ, campeonato por clubs e Campeonato de España en Chandrexa). Ademais comentan todos por unanimidade que as carreiras asemellan duras e que sería bo favorecer a participación con carreiras máis suaves e menos kilómetros.

O presidente está de acordo nos comentários e invita a participar o vocal de CXM (Fernando Cancelo) que se une a reunión previa autorización do resto de membros. Fernando explica que estamos moi limitados porque son as únicas carreiras que solicitaron homologación e formar parte do calendario. De cara o ano que ven sería bo planificar dende xa a homologación de carreiras e a planificación do calendario de forma mais dilatada e mais diversa en canto a



FEDERACIÓN GALEGA
DE MONTAÑISMO
Rúa Fotógrafo Luis Ksado, 17
Oficina 10 - 36209 Vigo
Pontevedra



DEPORTE
GALEGO

carreiras. Estando todos de acordo, por maioría se considera que non se pode dilatar a publicación do calendario e que si non hai outras opcións por non poder mover o calendario nin as distancias (por mor de que son os clubs os que teñen intereses diversos) o mal menor sería aprobar o calendario e traballar con mais tempo na planificación da tempada 2026.

Procedese a votación: 6 votos a favor, 1 abstención (Vertice), queda aprobado por MAIORIA.

4. Rogos e preguntas.

Javier Aradas pregunta polo convenio co REAJ (comenta que si afecta as licencias tería que ser aprobado pola assemblea); pregunta polo resto do calendario oficial; pregunta pola solicitude da limpeza de presas do muro de velocidade do rocódromo de Riazor, que fixera fai xa 5 meses.

Roberto Carril pregunta polas propostas que fixera polo tema das licencias.

O presidente responde que son temas tratados en assemblea e aprobados, non procede comentalos agora pero por deferencia se sinala: que o convenio do REAJ nos afecta as licencias (se paga pola FGM contra patrocinios), que o calendario oficial xa foi tratado en assemblea e aprobado, que se avisou no seu momento da limpeza de presas, pero é un tema que corresponde o Concello da Coruña ou os propios usuarios, e sobre as solicitudes de Roberto Carril, xa se introduxeron os cambios e se contestaron as preguntas na assemblea.

Sen mais asuntos que tratar, dase por rematada a reunión, sendo as 20:08 horas.

Asinado,
A Secretaria Xeral da FGM
María Antonia García Castiñeira

Visto e prace,
O Presidente da FGM
Alejandro López Sánchez